



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

C.E.I.P. BARRANTES

Mosteiro, s/n. Barrantes - 36749 Tomiño - Tel. e Fax: 986 62 26 51 - ceip.barrantes@edu.xunta.es

6 de maio de 2020

Estimadas familias:

No DOG do día de hoxe publícanse as novas datas para a presentación de solicitudes de admisión do alumnado para o curso 2020 – 2021. **O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o 11 ao 18 de maio**, ambos inclusive. Se coñeces algunha familia que vaia matricular aos seus fillos/as no colexio para o vindeiro curso, agradecemos que lles transmitades esta información.

Proximamente sairá publicada tamén a norma que regula o fondo solidario e axudas para libros de texto. Manterémosvos informados/as.

O centro permanecerá aberto en horario de mañá a partir do próximo luns 11 de maio. Pregámosvos que para calquera consulta, chamedes por teléfono previamente para intentar solucionar calquera dúbida por esta vía.

O teléfono do centro está dispoñible, ao igual que durante todo o período dende que se suspendeu o período lectivo, para calquera cousa que precisades.

Un saúdo

O Equipo Directivo